

# AMORODOS SALVAXES

# 1335

Ingmar Bergman, 1957

ESTREA EN NUMAX: 17.07.2024 | V.O.S.E. | 90 min

O profesor Borg, un eminente médico, debe ir a Estocolmo para recibir unha homenaxe da súa universidade. Sobrecollido, tras un soño no que contempla o seu propio cadáver, decide emprender a viaxe en coche coa súa nora, que acaba de abandonar a súa casa, tras unha discusión co seu marido, que se nega a ter fillos. Durante a viaxe detense na casa onde pasaba as vacacións cando era neno, un lugar onde medran os amorodos salvaxes e onde viviu o seu primeiro amor.

«Un filme sorprendentemente optimista e afirmativo respecto ao que supón facerse vello»

Scott Tobias, AV CLUB



## Unha road movie existencial

*Amorodos salvaxes* segue sendo a película con maior éxito de Bergman en termos dos numerosos premios recibidos e estableceu a reputación de Bergman como cineasta no escenario internacional. O inverno de 1956-1957 foi un tempo de traballo intenso e frutífero para Bergman. O verán estivo dedicado a *O sétimo selo*, seguido de tres producións no Malmö City Theatre. Pero a súa saúde xeral era pobre. Cando se achegaba a primavera foi ingresado no Hospital Universitario Karolinska de Estocolmo, onde escribiu o guión de *Amorodos salvaxes*.

Nunha viaxe a Dalarna durante o outono de 1956 cando se detivo en Uppsala na casa da súa avoa, veulle un sentimento particular: imaxinou a vella cociñeira Lalla abrindo a porta. Daquela pensou "e se fago unha película perfectamente realista dalguén que unha porta e penetra na súa infancia? E logo abre outra porta e sae outra vez? E logo camiña pola rúa e entra nalgún outro período da súa vida? Ese foi o verdadeiro punto de partida de *Amorodos salvaxes*".

As influencias de August Strindberg, escritor e dramaturgo sueco considerado como un dos máis importantes de Suecia, son evidentes nesta película de Bergman. O inimigo acérrimo de Strindberg, Henrik Ibsen (dramaturgo noruegués), tamén parece ter unha influencia esencial na película, a través da súa obra "Peer Gynt" que Bergman producira xusto antes de escribir o guión da película. Como o heroe epónimo desa obra, Isak en *Amorodos salvaxes* fai un balanço da súa vida. Outra influencia cinematográfica obvia é *A carreta pantasma*, de 1921, dirixida por Sjöström, segundo Bergman a película de todas as películas. «Vina por primeira vez cando tiña quince anos; ata o día de hoxe véxoa polo menos unha vez cada verán, xa sexa só ou en compañía de xente máis nova".

Isak Borg é un médico viúvo e profesor universitario. Aínda que se atopa retirado, debe asistir á súa Universidade, para a entrega de medallas con motivo do seu Doutoramento Xubilar. Aínda que tiña previsto trasladarse de Estocolmo a Lund en avión, certos sonhos inquietantes, fan que cambie de opinión e decide realizar a viaxe en coche. Casualmente a súa nora Marianne (Ingrid Thulin), que se atopa pasando uns días na súa casa, acompañarao na viaxe para reencontrarse co seu marido Evald en Lund.

A viaxe en coche convértese nunha sorte de road movie existencial, repleta de confidencias e recordos. A modo de flash-backs, Isak lembra a súa feliz infancia, cando se detén a visitar a casa familiar, o amor que sentía pola súa prima Sara (Bibi Andersson) e visualiza a fría relación coa súa falecida esposa Karen, que o odiaba e ademais tiña un amante. Durante o camiño, Bergman, vai incorporando novos personaxes que permiten a Isak reflexionar sobre a súa existencia, de arrepentirse por sacrificar a súa vida persoal, a cambio dunha mellor posición social e sente a necesidade de pedir perdón polos erros cometidos.

É realmente eficaz a capacidade de Bergman, para eliminar as barreiras cronolóxicas e espaciais. Consegue que o profesor non só poida parar o tempo e mergullarse nos seus recordos, senón que tamén elimina o concepto espacial, situando ao ancián doutor xunto ao recordo da súa amada Sara nun mesmo plano. Ao longo da película, o vello profesor Isak Borg atopará a paz interior, nunha análise autocrítica e devastadora, que o conduce á convicción de que a súa vida podería ser moito máis enriquecedora se a enchese de afectos e paixóns.